



Proxecto levado a cabo cunha licenza de formación durante o curso 2021-22 polas profesoras **Estela Suárez Recouso** e **Susana González Vázquez**.



Este proxecto está protexido por unha licenza Creative Commons Atribución- Non comercial – Compartir igual 4.0





ÍNDICE

DESCRICIÓN DO RECURSO	3
OBXECTIVOS	3
CONTIDOS	4
METODOLOXÍA	5
ACTIVIDADES E AVALIACIÓN	6



1. DESCRICIÓN DO RECURSO

O proxecto "Botar a lingua a pracer" busca espallar, cun enfoque lúdico e informal, algúns aspectos relevantes da literatura galega do primeiro terzo do século XX (do 1916 a 1936).

Para isto, botamos man dun formato moi actual: os podcast. Para contribuír a que a lingua galega estea presente nas novas tecnoloxías, as nosas gravacións procuran relatar anécdotas, dar a coñecer autores/as, obras dun período clave das nosas letras cun ritmo áxil e informal. As condutoras dos podcast son Eladia e Rosa, mulleres que viven nese período. Non son figuras reais, senón que están tiradas de dúas obras destacadas da nosa literatura: "Memorias dun neno labrego" e "Os outros feirantes".

O título nace da reinvención de dous ditos populares: *botar a lingua a pracer* (falar moito, sen tino) e *facer [algo] a pracer*, por gusto. A mestura de ambas as dúas é unha brincadeira que achamos axeitada para establecer o ton destas producións: informais, lúdicas, atractivas... o suficiente como para que o alumnado as escoite no seu tempo de lecer.

Acompañan aos podcast unha serie de exercicios, deseñados para aula virtual, que abranguen un perfil variado: libro interactivo, lección, cuestionarios... permitirán ao alumnado afondar nos contidos adquiridos e interiorizar os novos conceptos.

2. OBXECTIVOS

- Achegarse dun xeito interactivo e lúdico á historia da literatura galega do s. XX.
- Identificar os movementos literarios e os autores máis relevantes da literatura galega de principios do s. XX.
- Valorar as achegas realizadas polos autores da época.
- Valorar as contribucións das mulleres desa época.
- Afondar no contexto histórico de principios do s. XX.



- Mellorar a competencia de comprensión oral en lingua galega.
- Mellorar a capacidade de concentración e escoita dun discurso oral.
- Valorar a lingua galega como lingua apta para as novas tecnoloxías.
- Mellorar a competencia TIC do alumnado.

3. CONTIDOS

O proxecto ofrece cinco podcast (ODE) cunha duración de entre 10 a 15 minutos, coas súas actividades correspondentes. O título e contido de cada podcast é o que segue:

NÚMERO PODCAST	TÍTULO	CONTIDO
1	<i>Saúde e Terra, irmáns</i>	As Irmandades da Fala
2	<i>A nosa Terra é nosa</i>	O agrarismo e a poesía de Ramón Cabanillas
3	<i>Bos e xenerosos a prol da lingua</i>	Iniciativas a prol da lingua no 1º terzo do século XX: Seminario de Estudos Galegos e Partido Galeguista
4	<i>O quiosco da época</i>	Xornalismo no 1ºterzo do século XX
5	<i>Nós, os inadaptados</i>	A prosa do 1º terzo do século XX: o Grupo Nós



O título dos podcast é xa unha pista literaria, xa que se trata de fragmentos/citas/versos... senlleiros da nosa literatura.

Os contidos e estándares dos podcast están organizados por orde cronolóxica: empezamos nos primeiros anos do século XX e rematamos co inicio da Guerra Civil (1936). Porén, poden ser empregados independentemente, segundo as necesidades e intereses do docente: pódese escoller un podcast individualmente, substituír unha explicación por un podcast, etc.

4. METODOLOXÍA

A través da proposta didáctica presentada queremos fomentar unha aprendizaxe autónoma para o alumnado fóra da aula, favorecendo que sexa máis profunda xa que cadaquén decidirá o seu ritmo.

Baseándonos no modelo pedagóxico *flipped classroom* (aula invertida en galego), buscamos que o alumando sexa partícipe do seu propio proceso de ensinanza-aprendizaxe. Para isto, deben realizar unha escoita activa e comprensiva dos podcast, para a continuación, poder traballar con exercicios prácticos na aula. Por exemplo, despois de escoitar e asimilar como se conformaba o quiosco da época, que publicacións existían e de que tipo, deben realizar unha revista por grupos.

Deste xeito o tempo da clase será aproveitado para os procesos que presentan maior dificultade, como pode ser a reflexión, abrindo debates que fomenten un pensamento crítico a partir dos conceptos xa adquiridos a través da escoita activa das gravacións.

O alumnado con esta actividade é o protagonista, pasando de ser suxeito pasivo como ocorre no modelo tradicional, a suxeito activo, máis motivado, creativo e implicado desde o inicio.






Ademais, a tecnoloxía e o formato inovador e accesible desde calquera dispositivo móbil fará que a aprendizaxe sexa tamén dinámica, interactiva e enriquecedora e que os contidos se poidan consultar desde calquera lugar en calquera momento.

A proposta de audio vai acompañada de exercicios de distinto tipo. Moitos deles son interactivos, o que facilita que sexa o propio alumnado o que poida recibir inmediatamente unha corrección do que ten realizado, facilitando tamén a súa autonomía na aprendizaxe.

5. ACTIVIDADES E AVALIACIÓN

Así mesmo, realizamos unha oferta variada de actividades, con distintos graos de dificultade, co fin de chegar a todo o alumnado. Estas xiran arredor de tres eixos:

ACTIVIDADE	OBXECTIVO	EXEMPLO
<p>Proba interactiva (test), de múltiple resposta, aloxado na aula virtual (Moodle)</p> 	<p>Valorar a adquisición de conceptos clave</p>	<p>No canto de facer unha relación de preguntas-respostas clásicas, o feito de ofrecerlles varias opcións axuda a activar o proceso de lembranza. O test permite ser realizado cun número libre de intentos. Ofrece unha cualificación individual do alumnado. Esta servirá de autoavaliación para eles/as e ofrecerá información ao profesorado.</p>
<p>Actividades de creación (preferentemente interdisciplinares)</p> 	<p>Fomentar a creatividade e o espírito emprendedor</p>	<p>Creación das redes sociais de personaxes da época no podcast “Saúde e Terra” (ex. Instagram das Irmandades da Fala). O alumnado debe asumir o rol do personaxe escollido e facer a súas intervencións acorde o seu pensamento, obra, etc.</p>
<p>Actividades de ampliación sobre conceptos tratados no podcast</p> 	<p>Mellorar a competencia dixital e o espírito crítico.</p>	<p>No podcast “Bos e xenerosos a prol da lingua”, pídeselle ao alumnado que amplíe a información sobre a RAG: orixes da institución, papel que desenvolve no proceso normativizador de principio de século, lugar que ocupan as mulleres na institución...</p>



Ao rematar de escoitar os podcast, o alumnado deberá realizar varias tarefas, diferentes en función da temática tratada, adaptadas á diversidade do alumnado:

- Test interactivo sobre os contidos escoitados. Realizarase a través da aula virtual, o que favorece a corrección automática e que poida ser repetido o número de veces que o alumnado precise ata acadar o 100% das respostas acertadas.
- Actividades variadas para o alumnado: nestas, incluiremos un amplo abano para atender á diversidade.
- Guía orientativa ao final de cada exercicio coas indicacións a seguir para poder obter a máxima puntuación en cada actividade.

Os propios exercicios interactivos facilitaránlle ao alumnado unha resposta inmediata e a súa autoavaliación. Noutros casos, deberán ser supervisados polo profesorado para comprobar a súa correcta execución ou resolución e así indicar mecanismos de mellora